

Distribución dos investimentos por concellos.

1. O Plan provincial de cooperación para as obras e servizos municipais para o exercicio 2015 comprenderá as seguintes clases de investimentos:

- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.

- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

2. O Plan Provincial 2015, tanto no apartado da rede viaria provincial como no relativo ás obras municipais (neste caso ata o importe máximo establecido para cada termo municipal nestas bases) financiarao na súa integridade a Deputación Provincial de Ourense, resultando en consecuencia o seguinte cadro básico de financiamento:

Obras municipais:

- Deputación Provincial: 100,00 %

Obras da rede viaria provincial:

- Deputación Provincial: 100 %

3. Non obstante, no caso das obras municipais, os concellos voluntariamente poderán efectuar achegas adicionais para o financiamento das obras, alterándose automaticamente o cadro de financiamento neses supostos. Por outro lado, incluíranse igualmente no Plan provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.

4. A distribución do investimento previsto no Plan provincial 2015 é a seguinte:

a) Investimento total previsto na Rede Viaria Provincial: 2.000.000,00 €

Axuda da Deputación á RVP (100%): 2.000.000,00 €

b) Investimento total previsto en obras municipais: 4.848.000,00 €, das cales 4.575.000 € destinados á execución material das obras e 273.000,00 € destinados a servizos complementarios para a execución das obras.

Subvención Deputación obras municipais (100,00 %): 4.848.000,00 €

5. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectuarase mediante a asignación a cada concello de menos de 20.000 habitantes dunha cota alícuota de investimento subvencionado, resultando un investimento por termo municipal de 53.000 €; da dita cantidade, 50.000,00 € destinaranse o financiamento dos contratos de execución material das obras e 3.000,00 € o financiamento dos contratos de servizos complementarios á execución das obras (con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións).

O investimento con cargo a fondos provinciais asignado a cada concello poderá dedicarse a unha ou varias obras, a elección dos concellos, podendo supor o seu financiamento íntegro ou parcial, sempre e cando as obras correspondan ás competencias municipais.

Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 3, poderán incluírse investimentos de contía superior á achega provincial, correspondentes á mesma obra ou obras subvencionadas ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

6. No plan deberanse incluír, obrigatoriamente, obras adicionais, por importe de polo menos 50.000,00 €, para a utilización de remanentes producidos por anulación de obras. As ditas obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no Plan segundo o establecido nesta base.

7. Os remanentes das achegas provinciais obtidos por baixas na adxudicación das obras (tanto municipais como da rede viaria provincial), destinaranse na súa integridade ao financiamento de obras da rede viaria provincial; os remanentes das achegas municipais, de ser lo caso, reintegraranse ao concello respectivo.